



## **PROGRAMA HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS**

**Para:**

- **Alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, como complemento das medidas correctoras de condutas contrarias ás normas de convivencia**
- **Alumnado que estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro**

Este programa regulado, no artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, como medida complementaria para a mellora da convivencia, complementa a medida ordinaria nº15 recollida no Plan Xeral de Atención á Diversidade, que pretende que todo o alumnado utilice e incorpore estratexias para comunicarse e afrontar axeitadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.

As habilidades sociais son necesarias para unha convivencia social positiva.

### **Obxectivo xeral:**

- ❖ Coñecer os compoñentes da comunicación humana e manexar axeitadamente as habilidades sociais básicas.

### **Obxectivos específicos:**

- Diferenciar entre os distintos estilos de comportamento.
- Comprender a utilidade de canalizar os propios sentimentos para que exista unha efectiva comunicación.
- Entender as diferentes habilidades sociais básicas e a súa aplicación práctica para facilitar unha comunicación asertiva.
- Dar importancia aos compoñentes non verbais que se producen na comunicación.



- Diferenciar os diferentes contextos onde se produce a comunicación dentro do centro escolar e saber controlar o modo de dirixirse aos demais en cada un deles.

### **Contidos:**

Os contidos a traballar serán principalmente de carácter actitudinal e procedimental nas relacións interpersoais

C.1 Aspectos básicos da comunicación verbal e non verbal.

C.2 Expresar e recibir queixas (dicir o que nos molesta)

C.3 Defender os propios dereitos

C.4 Responder ás críticas

C.5 Afrontar erros

C.6 Resolver conflitos interpersoais

### **Metodoloxía:**

O método de traballo a seguir será práctico, empregando algunhas técnicas de adestramento en habilidades sociais. Pódense destacar:

- Modelado: é a representación por parte do educador/a dunha situación social que require poñer en práctica a habilidade e adestrar cos pasos de conduta que a compoñen.

- Xogo de roles: o alumno/a, unha vez percibida a utilidade da habilidade presentada para a súa vida real, reproduce da forma máis fiel posible o rol que se lle asignou.

-Retroalimentación: realizarase tanto por parte do educador/a como dos compañeiros/as e será fundamentalmente positiva xa que os comentarios acompañaranse de mensaxes construtivas, polo que ao practicala, a súa formulación convértese nun reforzo positivo.

-Transferencia e mantemento: a transferencia refírese á xeneralizacións das condutas aprendidas, e o mantemento á persistencia desas condutas ante as



distintas situacións que en diferentes contextos poidan darse. Esta última parte realizarase a través do seguimento semanal do alumno/a no centro.

Esta metodoloxía irase adaptando necesariamente ao longo do curso segundo as necesidades, os contextos xurdidos e as achegas do profesorado, familias e outros axentes educativos.

### **Destinatarios:**

- a. Alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.
- b. Alumnado privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras.

### **Protocolo de actuación:**

1. Cando un alumno/a sexa reincidente en comportamentos disruptivos que impiden o normal desenvolvemento da actividade da aula, a dirección do centro, poderá considerar a aplicación desta medida.

2. Reuniranse o xefe de estudos, titor/a e orientadora para recoller a información relevante e trasladar á comisión de convivencia a proposta.

3. Esta facilitará o material e instrucións específicas para as sesións de permanencia na Aula de convivencia inclusiva. Neste proceso poderán estar implicados alumnado de cursos superiores (que actúen de mediadores). Informarase ás familias e pedirase a súa colaboración no proceso.

4. Semanalmente farase un seguimento para valorar a evolución no comportamento.

5. En función do progreso tomaranse as medidas que se estimen oportunas.

### **Temporalización:**

As sesións desenvolveranse en horario lectivo. O número de sesións será o que se determine convinte para cada caso tendo en conta as súas necesidades e o avance ou non do alumno/a.



### **Avaliación:**

A avaliación levarase a cabo ao longo de todo o proceso para coñecer como se está desenvolvendo e introducir as modificacións oportunas para a mellora do programa. Nela participarán alumnado, equipo docente, departamento de orientación e comisión de convivencia.

O alumnado realizará un diario persoal que recolla o contido tratado en cada sesión e a valoración desta.

Indicadores de comportamento a avaliar:

- O modo de iniciar e manter conversas e de escoitar aos demais no transcurso das mesmas.
- O xeito de expresar e responder a manifestacións tanto positivas como negativas axeitadamente.
- A diminución de chamadas de atención por parte do alumnado en momentos inapropiados.
- A forma de dirixirse aos demais e de establecer relacións interpersoais positivas para todos os implicados no proceso de comunicación.